




VISITAS DIDÁCTICAS NO MOSTEIRO DE CARBOEIRO



Como era un mosteiro na Idade Media? Como vivían os seus monxes? Que papel tiveron na historia de Galicia?

A través de Carboeiro coñeceremos a importancia do monacato na arquitectura, na xeografía e na consolidación do Reino medieval de Galicia.

O obxectivo principal deste proxecto é achegar o alumnado á nosa Idade Media e fornecer ferramentas didácticas renovadas e complementarias para os centros educativos.

DATOS DA ACTIVIDADE

Lugar: mosteiro de Carboeiro, Silleda (Pontevedra)

Duración: 3 horas

Máximo de persoas por grupo e guía: 25 (cabe a posibilidade de organizar 2 grupos simultaneamente)

Información, inscrición e prezos:

www.mosteirodecarboeiro.com / www.tesourosnovos.com

Contacto: visitas@mosteirodecarboeiro.com ou nos tlfn. 986572267 e 685860772

**DURANTE TODO
O CURSO ESCOLAR!**



ESTRUTURA

- **Visita guiada polo mosteiro.**

Descubriremos como era Carboeiro e como vivían os monxes na Idade Media.

- **Traballo de investigación.**

Resolveremos o caderno didáctico mediante a observación, a dedución e outros procedementos.

- **Obradoiro de arquitectura.**

Pescudaremos como se construíu Carboeiro e os fundamentos da arquitectura medieval. Empregaremos maquetas, planos e outros materiais.

MATERIAL DIDÁCTICO

Guía para o profesorado, caderno didáctico para o alumnado adaptado a diferentes ciclos de Educación Primaria e Secundaria, maquetas, disfraces, compases...

ORGANIZA

UN PROXECTO DE

ASESORAMENTO CIENTIFICO

COLABORA

FINANCIA

